

I DEBATE

Mércores 27 de abril de 2011, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).

Presenta:
Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.

Modera:
Miguel Anxo Fernán Vello.

Interveñen:
Ánxeles Penas, Dores Tembrás, Xulio López Valcárcel,
Xavier Seoane.

Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)
Tfno: 981665597 Fax: 981661748
Email: servizosmultiples@gmail.com



**ESTADO E RETOS DA POESÍA
NA SOCIEDADE ACTUAL**

Presentación

Logo de que, nalgunhas presentación de libros, se tivesen suscitado animados coloquios sobre o futuro da poesía, é un enorme pracer poder acoller na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”, da man de cinco especialistas, este I Debate poético, baixo o título de “Estado e retos da poesía na sociedade actual”.

Estamos convencidos de que as reflexións que se aportarán serán de moito interese. Animádevos, pois, a acompañarnos.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953), é Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, é profesionalmente procurador nos Tribunais. Participou nos colectivos "Cravo fondo" e "De Amor e Desamor". Colaborador en prensa e radio, é membro da Asociación Española de Críticos Literarios. Ten publicado diversos traballos sobre arte e literatura en ducias de revistas. Está en posesión de importantes premios, como o Celso Emilio Ferreiro, o Miguel González Garcés ou dos da Crítica Galega e Española. Ten publicado unha decena de poemarios, varios libros de narrativa e, no eido do ensaio, destacan *Sinais na area* (2007), con textos sobre arte, unha biografía de Miguel González Garcés ou, o máis recente, *Confesión de parte*, sobre poesía.

Dores Tembrás (Bergondo, 1979). Estudou Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña. Realiza os cursos de doutoramento, viaxa a Suecia e máis tarde a Bos Aires e outras cidades arxentinas, no transcurso da súa investigación sobre a poeta Alejandra Pizarnik, á que dedica a súa tese de doutoramento, que defenderá o 30 de xaneiro de 2008. En 2009 publicou o seu primeiro poemario, *O pouso do fume*.

Ánxeles Penas naceu en Teixeira. Licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago e en Belas Artes pola Facultade de San Fernando en Madrid. Cursou tamén estudos no Conservatorio da Coruña e de Maxisterio. No ámbito plástico ten realizado máis de 50 exposicións. Foi cofundadora do Grupo de Arte Experimental "A Carón". Ten no seu haber varios premios literarios. É membro de AULIGA e colabora asiduamente en

revistas literarias. É crítica de arte de *El Ideal Gallego* da Coruña. Ten escrito numerosos ensaios acerca de arte e literatura de Galicia, sobre autores como Cunqueiro, Castelao, Celso Emilio, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Eusebio Lorenzo Baleirón, Avilés de Taramancos..., ou artistas como Labra, Grandío, Laxeiro, Abelenda ou Alfonso Costa, entre outros. Autora de cinco poemarios, no libro *Perfis e poéticas* (2006) reflexiona sobre arte, poesía, literatura...

Xavier Seoane (A Coruña, 1954), estudou Filoloxía Románica en Compostela. É profesor de Lingua e Literatura na Coruña. Participou nas actividades dos grupos artísticos "A Carón" e "Galga" e no poético “De Amor e Desamor”. É un dos fundadores de "Luzes de Galiza". Ten realizado exposicións de poesía visual e experimental, participado en mostras de mail art, organizado diversas exposicións e colaborado con textos sobre arte en catálogos e libros colectivos. Recibiu importantes premios de poesía, como o Esquíu, Caixanova e da Crítica Española. Autor de 14 poemarios, un libro de narrativa e ten publicado tamén diversos libros de ensaio, nos que, ademais de estudar a obra de autores como Cunqueiro ou Luis Seoane, se centra fundamentalmente na relación entre arte e literatura, e tamén sobre a poesía e as humanidades: exemplos serían *O sol de Homero* (2002) ou *Saudar a vida. Unha defensa das humanidades na sociedade do coñecemento* (2007).

Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958), realizou estudos de Música (Guitarra Clásica) no Conservatorio Superior de Música da Coruña e de Psicoloxía e Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña e na Universidade de Santiago. Foi un dos compoñentes do grupo “De amor e desamor”. É director de Edicións Espiral Maior. Foi directivo ou membro de entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega, Agrupación Cultural O Facho, Asociación Galega de Editores, AGAL, AULIGA ou o Pen Club. Como poeta, ten os premios Celso Emilio Ferreiro, Esquíu, da Crítica Española, Martín Códax ou o González Garcés. Foi tamén finalista do Premio Nacional de Literatura do Estado español. É tamén dramaturgo e tradutor. É columnista de *Galicia hoxe*. Ten espallados poemas soltos, e outros textos breves de temáticas diversas (literatura, teatro, arte...), en ducias de revistas e publicacións. Ten publicados máis dunha ducia de poemarios e tres libros de conversas.